

PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO EDUCATIVO ANTE ALERTAS METEOROLÓXICAS

PROTOCOLO INTERNO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NOS SUPOSTOS DE ALERTA METEOROLÓXICA.

1. Finalidade:

O presente protocolo ten por obxecto establecer o proceso de actuacións coordinadas diante de supostos de alerta meteorolóxica por neve, xeo, chuvia forte ou vento que poida afectar en días lectivos á apertura de centros escolares e ao transporte de escolares.

2. Órganos intervincentes:

O presente protocolo será de aplicación para atender á finalidade prevista no punto primeiro ás seguintes unidades:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Axencia Galega de Emerxencias, Dirección Xeral de Mobilidade
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (MeteoGalicia)
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e Secretaria Xeral Técnica
- Consellería de Política Social e Igualdade: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

3. Definicións:

Para os efectos do presente protocolo as definicións básicas de uso común para todos os órganos son as seguintes.

- 🕒 **Adverso meteorolóxico:** considérase fenómeno meteorolóxico adverso (FMA) a todo evento atmosférico capaz de producir, directa ou indirectamente, danos ás persoas ou danos materiais de consideración, particularmente terán esta consideración cando afecten á seguridade do trasporte escolar por estrada realizado por medio de autobuses . En consecuencia poden resultar adversas, por si mesmas, aquelas situacións nas que algunhas variables meteorolóxicas acadan valores extremos.

- ⌚ **Zona xeográfica de aviso:** aquel conxunto de concellos que comparten características meteorolóxicas homoxéneas. Son as seguintes:

NOME DA ZONA	
PROVINCIA	ZONA
CORUÑA	Noroeste Oeste Interior Suroeste
LUGO	A Mariña Centro Montaña Sur
OURENSE	Noroeste Miño Sur Montaña Valdeorras
PONTEVEDRA	Rías Baixas Interior Miño

No **anexo III** atópanse as táboas cos concellos agrupados por estas zonas.

- ⌚ **Niveis de alerta:** As denominacións e significados dos niveis son os seguintes:

- Nivel amarelo: non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que sí para algunha actividade concreta (fenómenos meteorolóxicos habituais pero potencialmente perigosos) ou localización de alta vulnerabilidade.
- Nivel laranxa: existe un risco meteorolóxico importante (fenómenos meteorolóxicos non habituais e con certo grado de perigo para as actividades habituais).
- Nivel vermello: o risco meteorolóxico é extremo (fenómenos meteorolóxicos non habituais de intensidade excepcional e con un nivel de risco para a poboación moi alto).

- ⌚ **Parte de alerta:** o emitido pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) complementado co emitido polo Servizo Meteorolóxico Rexional (MeteoGalicia) advertindo dun fenómeno meteorolóxico adverso. Ordinariamente a emisión deste parte prodúcese ás 11.00 horas.

- ⌚ **Centro escolar:** aquel no que se desenvolve calquera actividade docente de nivel de ensinanza non universitaria, sexan ou non obrigatorias.

- ⌚ **Transporte de escolares:** servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral con reserva de praza a favor de escolares (servizos integrados), e servizos de transporte público regular de uso especial para o transporte de escolares da competencia da Dirección Xeral de Mobilidade. Este transporte realízase por medio de autobuses e autocares, vehículos de dez ou máis prazas incluída a persoa condutora provistos de autorización administrativa da serie VD, ou por vehículos turismo, de ata nove prazas incluída a persoa condutora, dedicados ás actividades de taxi ou de arrendamento con condutor, e provistos de autorizacións administrativas das series VT ou VTC, respectivamente.

- ⌚ **Transportistas:** para os efectos deste protocolo, entenderase por estes as empresas ou unións temporais de empresas contratadas para a prestación dos diferentes tipos de servizos de transporte de escolares.
- ⌚ **Comisión Escolar de Alertas Meteorolóxicas** (en adiante Comisión de Alertas): aquela que reúne aos órganos implicados no presente protocolo e asesora aos órganos competentes sobre os centros escolares e sobre o transporte de escolares na adopción de decisións relativas á suspensión de actividade docente nos centros ou, de ser o caso, do transporte de escolares.

4. Operativa a seguir no caso de previsións de fenómenos adversos.

4.1. Cando a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a través do CIAE 112 reciba un boletín meteorolóxico da AEMET informando da previsión dunha situación de alerta de FMA que puidera afectar á seguridade no transporte de escolares por estrada realizado por medio de autobuses e vehículos de turismo, ou ben á seguridade dos alumnos dos centros escolares, convocará á Comisión de Alertas, para permitir a adopción de medidas eficaces de protección.

Aos efectos deste protocolo enténdese por situación de alerta de FMA que pode afectar á seguridade no transporte escolar ou ben á seguridade do alumnado nos centros escolares a calquera alerta de FMA de nivel **laranja ou vermello**. Por definición, as alertas de FMA de **nivel amarelo** non supoñen un risco para a poboación en xeral sen prexuízo de que, atendendo á natureza do fenómeno, a Comisión de Alertas, a instancia dalgún dos seus membros, poida acordar reunirse aos efectos de valorar a necesidade de adoptar medidas.

En caso de non coincidencia das previsións entre AEMET e Meteogalicia, as medidas a adoptar adaptaranse ao parte meteorolóxico mais desfavorable.

4.2. A Comisión de Alertas estará integrada polas seguintes persoas:

- A/o director/a xeral de Emerxencias e Interior ou persoa en quen delegue
- A/o xerente da Axencia Galega de Emerxencias ou persoa en quen delegue
- A/o subdirector/a xeral de Planificación e Protección Civil ou persoa en quen delegue
- A/o director/a xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático ou persoa en quen delegue
- A/o subdirector/a xeral de cambio climático e da ordenación do litoral ou persoa en quen delegue
- A/o secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional ou persoa en quen delegue
- A/o director/a xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue

delegue.

- A/o director/a xeral de Mobilidade, ou persoa en quen delegue
- A/o director/a xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa en quen delegue

A Comisión de Alertas constitúese como órgano de apoio e asesoramento aos departamentos responsables de educación e mobilidade para a adopción, por parte destas, das medidas que procedan ante situacións de risco por FMA.

A Comisión de Alertas disporá, con data e hora de emisión, do parte de alerta elaborado por MeteoGalicia. Con carácter xeral este parte debe emitirse coa información dispoñible antes das 11.00 horas do día anterior ao inicio do adverso. Tamén se contará cos boletíns emitidos ata esta hora por AEMET, coa información dispoñible na web de AEMET e coas informacións facilitadas polos preditores do centro territorial.

4.3 Considerarase quórum suficiente para a celebración das reunións da Comisión de Alertas, a presenza dun representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con competencias en materia de emerxencias e doutro con competencias en materia de mobilidade, outro da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, outro da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e outro da Consellería de Política Social e Igualdade. As propostas adoptaranse por maioría simple. A reunión da Comisión de Alertas poderá realizarse por medios telemáticos.

A Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencias en educación encargarse de levantar acta dos acordos tomados na Comisión de Alertas, que será remitida a todos os seus membros. No **anexo IV** recóllese un modelo de acta.

4.4.- Criterios para a adopción de medidas polos órganos competentes sobre os correspondentes servizos:

a) Nivel vermello

En función do ámbito temporal do FMA e da tipoloxía do fenómeno, **procederá a suspensión da actividade docente nos centros, o transporte de escolares e as actividades extraescolares.**

A súa extensión poderá incluír a totalidade do ámbito territorial da Comunidade Autónoma ou concellos incluídos en determinadas zonas xeográficas de aviso.

A suspensión de actividade docente implica automaticamente a suspensión do transporte de escolares así como de todo tipo de actividades extraescolares e determina a non obrigatoriedade do profesorado de acudir ao centro.

b) Nivel laranxa

En función das previsións de limiares a acadar, da tipoloxía do fenómeno, e do ámbito temporal do FMA, segundo o acordado pola Comisión de Alertas poderase proceder á suspensión do transporte de escolares e mesmo da actividade docente nos centros e as actividades extraescolares.

Con carácter xeral, atenderase aos seguintes criterios:

- unha situación de alerta de FMA de **nivel laranxa por chuvia nunha hora ou en 12 horas** implicará a **suspensión das actividades escolares no exterior**.
- unha situación de alerta de FMA de **nivel laranxa por vento** implicará a **suspensión das actividades escolares no exterior, podendo chegar á suspensión da actividade docente e o transporte escolar en función da valoración de factores como o da súa afectación no horario lectivo, o sostido do fenómeno no tempo e a concurrencia con outros FMA**.
- unha situación de alerta de FMA de **nivel laranxa por neve** implicará a **suspensión da actividade docente e o transporte escolar**.

A declaración da suspensión do transporte de escolares ou das actividades ao aire libre non afecta á obriga por parte das direccións dos centros da apertura dos centros educativos e para o profesorado acudir ao centro de traballo sempre que poidan acceder ao posto de traballo en atención ás circunstancias de acceso pola estrada.

Comunicarase esta situación de risco ás persoas directoras dos centros e aos representantes das empresas ou unións temporais de empresas de transporte, así como da obriga de vixiar a información meteorolóxica, que podería supoñer un risco superior ao declarado segundo a localidade onde se atope o centro.

c) Nivel amarelo:

Neste nivel, con carácter xeral non se adoptarán medidas de suspensión de actividades ao aire libre, suspensión do transporte de escolares ou da actividade escolar.

Non obstante, atendendo ao ámbito espazo-temporal do fenómeno e a súa tipoloxía a Comisión de Alertas poderá propoñer as medidas que considere necesarias para garantir a seguridade do alumnado, as cales serán comunicadas ás direccións dos centros e aos representantes das empresas ou unións temporais de empresas de transporte polas consellerías responsables.

En calquera dos niveis de alerta, se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco detectado superior ao declarado, as persoas directoras poderán, coa previa comunicación a Dirección Territorial da consellería competente en educación, adoptar decisións de suspensión da actividade docente, incluíndo as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre

as actividades extraescolares.

As consellerías competentes en educación e mobilidade poderán decidir a exclusión de calquera das decisións aos centros situados no espazo urbano das sete grandes cidades cando as condicións do adverso declarado non afecten gravemente as condicións de circulación nas rúas integradas na trama urbana.

A Comisión de Alertas prestará o seu apoio e asesoramento aos departamentos responsables en educación e mobilidade para a adopción das decisións pertinentes antes do inicio do FMA e durante o seu período de duración

4.5. A comunicación de suspensión de actividade docente ou a de non suspensión con advertencia será comunicada mediante medios electrónicos achegando acta da Comisión de Alertas que sinalan as medidas adoptadas tanto por parte da consellería con competencias en educación como pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, no caso de escolas infantís, a todos os responsables dos centros educativos respectivos. A comunicación realizarase coa maior previsión posible e en termos xerais antes da 13.00 horas do día anterior ao inicio do evento.

A **comunicación de suspensión do transporte** será comunicada polas persoas responsables dos correspondentes contratos ou directamente pola Dirección Xeral de Mobilidade aos representantes de cada empresa ou unión temporal de empresas concesionaria ou contratista dos respectivos servizos de transporte, antes das 13.00 horas do día anterior ao inicio do adverso, empregando os medios tecnolóxicos habilitados para tal fin. En tanto non se dispoña dun sistema de xestión de alertas que facilite a súa comunicación directa e instantánea aos representantes de cada empresa ou unión temporal de empresas concesionaria ou contratista dos respectivos servizos de transporte, a comunicación realizarase ás contas de correo electrónico ou números de mensaxería habilitados para esta fin polas concesionarias ou contratistas ou, no seu defecto, aos dos seus representantes contractuais. Igualmente, a Dirección Xeral de Mobilidade publicará un aviso na web de información sobre transporte público, *bus.gal*, ou páxina que a substitúa. O modelo de comunicación xúntase como **anexo I**.

Simultaneamente a estes envíos, os órganos competentes para a comunicación da suspensión da actividade docente e da suspensión do transporte remitirán antes das 14.00 horas copia de calquera das ditas comunicacións, e polos mesmos medios, aos seguintes destinatarios: Direccións Territoriais da correspondente Consellería, ou Servizos territoriais competentes por razón da materia; director xeral de Emerxencias, xerente da Axencia de Emerxencias, subdirección xeral de Planificación e Protección Civil, CAE 112 e a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (MeteoGalicia), Política Social. No caso dos servizos de transporte, as indicadas comunicacións serán realizadas ás contas de correo electrónico que os ditos órganos terán designado e trasladado con antelación á Dirección Xeral de Mobilidade. No **anexo II** recóllese a relación de correos electrónicos para estes envíos.

Anexo I

Empresas e Unións Temporais de Empresas concesionarias de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral integrados, e/ou contratistas de servizos de transporte público regular de uso especial de escolares:

Comunicáselle que, diante da alerta por adverso meteorolóxico comunicada no día de hoxe, xx de xxxx de xxxx pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Dirección Xeral de Mobilidade, acordou para o día de mañá (xx/xx/xxxx), a partir das xx.xx horas:

- Suspende a prestación das expedicións integradas dos servizos públicos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral con reserva de praza a favor de escolares con dereito e que teñan orixe ou destino en centros escolares emprazados nos concellos que se indican ao final desta comunicación.
- Suspende a prestación das expedicións dos servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso especial con orixe ou destino en centros escolares emprazados nos concellos que se indican ao final desta comunicación.

Como excepción, se é o caso, prestaranse os servizos a centros que se empracen nos concellos que se indican a continuación:

No caso de empeoramento da predición ou de incremento do risco na localidade onde radica o centro escolar, corresponderá ao transportista acordar a suspensión con base nas condicións das estradas, comunicándoo de xeito inmediato ao Servizo de Mobilidade responsable do respectivo contrato.

O/a responsable de contratos / A directora xeral de Mobilidade

Anexo

Concellos onde se suspenden servizos de transporte

Anexo II: Relación de correos electrónicos aos efectos do indicado no apartado 4.5.

Unidade	Representante	Teléfono	Correo electrónico
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			
Axencia Galega de Emerxencias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			
Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			
Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior)			
Dirección Territorial da Consellería de ... en			
Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático			
Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral (Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático)			
Secretaría Xeral da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional			
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional			
Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.			
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica			

Anexo III: Concellos agrupados por estas zonas meteorolóxicas.

CORUÑA	Noroeste	Abegondo, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabana, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cereda, Cerdido, Cesuras, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, Laxe, Laracha, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Moeche, Mugar dos, Narón, Neda, Oleiros, Ortigueira, Oza dos Ríos, Paderne, Ponteceso, Pontedeume, Sada, San Sadurniño, Valdoviño, Vilarmaior
	Oeste	Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo, Zas
	Interior	Ames, Aranga, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, A Capela, Coirós, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Monfero, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, As Pontes, Santa Comba, Santiago, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar
	Suroeste	Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois
LUGO	A Mariña	Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Xove, Lourenzán, Mondoñedo, Ourel, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Burela
	Centro	Abadín, Antas de Ulla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Xermade, Guitiriz, Guntín, Lánchara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Portomarín, Riotorto, Rábade, Sarria, Vilalba
	Montaña	Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos, Triacastela, Baralla
	Sur	Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober, Taboada
OURENSE	Noroeste	Amoeiro, Avión, Beariz, Boborás, O Carballiño, Coles, O Irixo, Maside, A Peroxa, Piñor, San Cristovo de Cea, Vilamarín
	Miño	A Arnoia, Barbadás, Beade, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Nogueira de Ramuín, Ourense, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Pontedeiva, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Os Blancos, A Bola, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Celanova, Cualedro, Entrimo, Xinzo de Limia, Gomesende, Xunqueira de Ambía, Laza, Lobeira, Lobios, A Merca, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vereia, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós
	Sur	O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Esgos, A Gudiña, Xunqueira de Espadañedo, Maceda, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo,
	Montaña	Parada de Sil, a Poboia de Trives, San Xoán de Río, Riós, A Teixeira, a Veiga, Viana do Bolo, Vilariño de Conxo
	Valdeorras	O Barco de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras
PONTEVEDRA	Rías baixas	Barro, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Gondomar, O Grove, Marín, Meis, Moaña, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Pontevedra, Portas, Poio, Ponte-Caldelas, Pontecesures, Redondela, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Valga, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
	Interior	Campo Lameiro, a Cañiza, Cerdido, Cotobade, O Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Agolada, Lalín, A Lama, Moraña, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces
	Miño	Arbo, Crecente, A Guarda, Mondariz, Mondariz-balneario, As Neves, O Porriño, Pontearreas, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui

Anexo IV

MODELO DE ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESCOLAR DE ALERTAS DO XX DE XXXXX DE 202X

A Comisión Escolar de Alertas reúnese telematicamente o xxxxxxx, x de xxxxx de 202X ás 09.00 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega) da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (MeteoGalicia)
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e MeteoGalicia informan dun fenómeno meteorolóxico adverso **de nivel XXXXXX por XXXXX na zona XXXX DE XXXXXX desde as Xh ata as XXh.**

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

- A **SUSPENSIÓN de actividades no exterior/actividade docente DURANTE O XXXXXX, X de XXXXX en todos os centros comprendidos na zona de aviso.**

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

(Incluirase como anexo as zonas meteorolóxicas cos concellos que inclúe cada zona)